

## SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 10/06/2019

### **PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
SONIA OUTÓN CASAL  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

#### Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIO/A**

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 10/06/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de xuño de 2019, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2019/2534**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ASOC. CULT. CORAL S. PEDRO CORNAZO	G94108933	225,00 €	10/06/2019	SÍ
DÍAZ CASAL, ANA BELEN	35461962X	1.800,00 €	10/06/2019	SÍ
FONTENLA OLIVEIRA, DEBORA	35482169T	2.365,55 €	10/06/2019	SÍ
FUNDAC. PLACIDO CASTRO	G36887479	1.452,00 €	10/06/2019	SÍ
HOTEL CARRIL, S.L.	B36458271	570,00 €	10/06/2019	SÍ
HOTEL PAZO O RIAL, S.A.	A36012904	5.678,01 €	10/06/2019	SÍ
HOTEL PLAYA COMPOSTELA, S.L.	B36399632	975,00 €	10/06/2019	SÍ
IMMGA MUSICA, S.L.	B70266598	1.200,01 €	10/06/2019	SÍ
PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	B36112043	11.443,58 €	10/06/2019	SÍ
SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, SA	A28388023	3.085,50 €	10/06/2019	SÍ
TRANSPORTES LA UNION, S.A.	A36001576	530,00 €	10/06/2019	SÍ
TURISMO NA VILA, S.L.	B94162203	1.748,00 €	10/06/2019	SÍ
VENTOSO POMARES, M. SUSANA	35453240M	1.766,60 €	10/06/2019	SÍ
XENEME INTERV. SOCIAL S.L.L.	B15893159	5.500,00 €	10/06/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/2190**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL, para o subministro, dotación e uniformidade para 15 auxiliares de Policía Local, por un importe total de 11.443,58 e (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/2478**

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Antonio Vázquez Rogel, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha Carpa na Praza de Galicia os días 5, 6 e 7 de xuño, en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas..

Dáse conta do informe da Policía Local no que se fixaban as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dáse conta da instalación o día 6 de xuño.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/2479**

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz (bar Chirinjito) solicitando autorización para celebrar diferentes concertos na rúa A Baldosa nº 26, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que o Grupo de Goberno poñeráse en contacto coa asociación Ahituvi, coa finalidade de organizar e coordinar as actuacións dos bares e cafeterías, e posteriormente decidirse a súa autorización ou denegación .

#### **PRP2019/2480**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio Alonso Pérez, en representación de IMPEX EUROPA SL, solicitando se habilite unha zona de carga e descarga nas inmediacións da Empresa, na Rúa do Enxeño nº 10, Polígono de Trabanca Badiña.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha zona de carga e descarga xeral, de 20 metros de lonxitude.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2019/2482**

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Nogueira Rapariz-Vázquez, en representación de Hermanos Nogueira Rapariz-Vázquez CB, solicitando a sinalización dun vao permanente en rúa Congostra e dunha reserva de espazo que de servizo ó "Hotel rural Casaldomar", situado en Rúa Cervantes nº 60, Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local acorda:

1.- Conceder autorización para a sinalización de vao permanente en Rúa Congostra, debendo sinalizarse tanto no acceso como na marxe contraria da calzada con sendas liñas lonxitudinais de cor amarelo.

2.- Conceder a reserva de sepazo solicitada para o Hotel, na Rúa Valentín Viqueira, á altura do nº 26 mediante a colocación de Sinal S-17 "estacionamento" acompañada de placa adicional co texto "reservado a carga e descarga máximo 10" e sinalización horizontal mediante caixa coa lenda "carga e descarga" no seu interior, e tramos descontinuos no bordo ou xunto a este de cor amarela que indican que existe unha limitación temporal permanente, incluso festivos.

Dar conta á Policía Local.

**PRP2019/2484**

Dáse conta do escrito presentado por D. Mariano Dos Santos dos Santos, solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República os días 7, 8 e 9 de xuño.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorna non conceder a autorización solicitada, dado que para esa data xa está autorizada a ocupación da vía pública no citado lugar á Asociación O Soño de Lilith para a celebración da actividade denominada "Festivalia".

**PRP2019/2486**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Rita Mondragón Vicente de queixa pola mala orientación do espello situado na Rúa Fontecarmoa coa Travesía da mesma Rúa.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que se comprobou que efectivamente o citado espello está movido, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á fixación correcta do espello.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2019/2487**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Isabel Fernández Torres en relación coa instalación de bolardos na súa propiedade, na parte traseira da Avda. Doutor Tourón nº 49, carecendo de permiso para elo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que feitas as comprobacións oportunas na Tv.Fontecarmoa (parte posterior do inmovible nº 49 da Avda. Dr. Tourón), resulta que efectivamente os bolardos foron instalados por parte do Servizo de Obras a requirimento dos veciños, non tendo coñecemento de que se trataba dunha propiedade privada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/2488**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Olalla Bouzas Cores, en representación de Asociación Cultural Musical Coda, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa

Aquilino Iglesias Alvariño día 29 de xuño, ás 20 horas co fin de celebrar un festival de fin de curso, así como a colaboración municipal coa cesión de un escenario (8x5 m.) e 150 cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2019/2489**

Dáse conta do escrito presentado por D. Isidoro Canabal Durán, en representación do BBC Basket Club, solicitando autorización para ocupación da zona arborada da Praia de A Concha, o día 16 de xuño de 2019 para a celebración do final da tempada 2018/19.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Previamente á realización deberá contar coa correspondente autorización da Autoridade Portuaria así como do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, dado que os citados Organismos son titulares dos terreos nos que se pretende levar a cabo.

#### **PRP2019/2490**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sulzer Pumps Wastewater Spain SA para o subministro de tres bombas sumerxibles para a súa reposición nos bombeos de Mar Pequeno - Bamio; Cemiterio de Bamio e Cea Río, por un importe total de 3.085,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/2585**

Vista a proposta do Responsable de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Industrias San José CB, para o subministro de 30 pins de prata de lei Escudo Vilagarcía e 30 estuches, por un importe total de 584,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/2586**

Vista a proposta do Responsable de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL, para o traslado da Banda Municipal de Música de Vilagarcía a Carril e regreso, o día 23 de xuño, con motivo da celebración da festividade de Corpus, por un importe total de 165,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2019/2513**

Vista a proposta da Concellería de Traballo e Benestar para levar a cabo accións que permitan a igualdade de oportunidades e conciliación da vida familiar e a laboral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do Servizo de “Conciliatardes –Tardes coa Infancia 2019/2020”, así como o prazo para a presentación de solicitudes de acceso ao servizo, do 11 de xuño ao 5 de xullo de 2019.

#### **PRP2019/2515**

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 1º trimestre do ano 2019, coa seguinte desagregación:

• Mes de xaneiro:	39.617,04€
• Mes de febreiro:	41.152,37€
• Mes de marzo:	41.692,82€
Total nómina neta 1º trimestre:	122.462,23€
Total devengado:	122.462,23€

A Xunta de Goberno queda sabedora.

#### **PRP2019/2516**

Vista a proposta da Concellería de Benestar e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes La Unión, S.A.**, para servizos de 2 autobuses

para os días 13 e 14 de xuño de 2019, para traslado dos/as nenos/as da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados, por un importe total de 530,00€ (IVe incluído), con cargo á partida 323-223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/2538**

Vista a proposta da Concelleira de Servizos Sociais en relación aos detectores de fume para a Escola Infantil Municipal de Vilagarcía esixidos por Inspección realizada pola Consellería de Política Social, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a Escola Infantil o cumprimento das seguintes esixencias relacionadas no informe da inspección da Consellería de Política Social:

- Acreditar o recoñecemento médico anual de todo o persoal
- Formación en manipulación de alimentos.
- Vacinas contra a rubeola
- Detectores de fumes, que deben ser instalados pola concesionaria do servizo, xa que, o prego de condicións así o estipula.
- Adecuar a temperatura do centro.

## **EMPREGO**

### **PRP2019/2517**

Dáse conta da Resolución ditada polo Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde de 12 de decembro de 2018, pola que se acorda conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por un importe total de 24.000 € para a contratación de 8 traballadores/as desempregados/as (Socorristas), durante 2 meses a tempo completo, para a realización do Servizo denominado Salvamento e Socorrismo 2019.

Dáse conta de que o Concello vai a proceder á contratación de 12 socorristas, e debe asumir a diferenza de custos salariais máis os correspondentes a indemnizacións por cese, sendo a aportación total do Concello por un importe de 32.855,16 €, con cargo ás partidas 931.12000 e 931.16000.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención concedida e autorizar o gasto correspondente á aportación municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2019/2518**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a Becas do II Festival Internacional de Música Clasclas 2019, coa seguinte desagregación:

#### **BECAS INTERNSHIP**

Primeiro: Autorizar a realización dos seguintes Internships do Festival clasclas 2019, logo do

proceso levado a cabo segundo as Bases da convocatoria aprobadas en Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2019:

- Sergio Alegre Vicente, para desenvolver o Internship do Departamento de Comunicación e Imaxe baixo a supervisión da Dirección Técnica do Festival.
- Paula Santervás Baeza, para desenvolver o Internship do Departamento Artístico baixo a supervisión da Dirección Artística do Festival.

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 1.000,00 € con cargo ao orzamento do festival para o ano 2019 e para os gastos derivados da participación dos mesmos no Festival, a aboar mediante transferencia bancaria unha vez finalizado o Festival e con cargo á provisión de fondos, coa seguinte desagregación:

- Sergio Alegre Vicente: 500 €
- Paula Santervás Baeza: 500 €

#### **BECAS YAP**

Terceiro: Aprobar a listaxe definitiva do alumnado seleccionado para participar no Programa YAP da II edición do Festival Internacional de Música clasclas 2019.

Cuarto: Aprobar a listaxe de participantes YAP con beca de axuda de transporte por un importe total de 1.750,00 € con cargo ao orzamento do Festival do ano 2019. O sistema de aboamento será mediante provisión de fondos a xustificar presentando o correspondente recibí.

Quinto: O importe total do apartado de BECAS do Festival Clasclas2019 ascende a 2.750,00 €, con cargo á partida 3261.48003.

#### **PRP2019/2541**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Débora Fontenla Oliveira (LAMARKA Publicidad) para o subministro de merchandising/publicidade da II Edición do Festival internacional de Música Clasclas, por un importe total de 1.300,75 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 3261.22602, coa seguinte desagregación:

- 300 lanyards con impresión a 1 tinta, con mosquetón.
- 100 camisetas ijmpresas diante e detrás a unha cor, modelo FOX cor mostaza vintage.
- 1000 lápices con impresión a unha cor.
- 100 mochilas de tiras de poliester con impresión a unha cor.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/2542**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por IMMGA MÚSICA SL para a gravación dos Concertos dos días 1, 2 e 6 de xullo de 2019, da II Edición do Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 1.200,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/2543**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o gasto correspondente a aloxamento de Mentores, Ponentes SUMMIT e

alumnos YAP, con motivo da celebración da II Edición do Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de 8.971,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22606, coa seguinte desagregación:

- Pazo O Rial SA (Hotel Castelao), por un importe total de 5.678,01 € (IVE incluído).
- Hotel Carril SL, por un importe total de 570,00 € (IVE incluído)
- Hotel Playa Compostela SL, por un importe total de 975,00 € (IVE incluído)
- Turismo na Vila SL (Hotel Vilagarcía), por un importe total de 1.748,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/2545**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a provisión de fondos a favor da habilitada Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo Pérez, por un importe total de 21.150,00 € para gastos da II Edición do Festival Internacional de Música Clasclas, coa seguinte desagregación:

- Viaxes dos Mentores, SUMMIT e outros, por importe de 7.400,00 €, con cargo á partida 3261.22606.
- Becas de desprazamento do Programa YAP, por importe de 1.750,00 €, con cargo á partida 3261.48003.
- Becas Internship, por importe de 1.000,00 €, con cargo á partida 3261.48003
- Gastos de Restauración, por importe de 8.000,00 €, con cargo á partida 3261.22606.
- Gastos de Transporte, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 3261.223

#### **PRP2019/2576**

Dáse conta de proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal en relación co proceso de integración da Rede Municipal ao catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, indicando que é necesario levar a cabo as accións necesarias para contar co equipamento e requisitos técnicos necesarios encamiñados á implantación do novo sistema de xestión bibliotecaria Koha, conforme aos requisitos técnicos indicados pola Dirección Xeral de Políticas Culturais, cunha previsión de gastos estimados de 40.000 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **MERCADOS**

#### **PRP2019/2519**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Mercedes Buceta Doce** solicitando a baixa dos postos nº 38-40 da zona Alexandre Bóveda, do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 14.d) do Regulamento Municipal de venda ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa solicitada, procedendo á baixa no Padrón de Mercados con efectos de 30 de xuño de 2019.

### **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**



### **PRP2019/2520**

Vista a proposta da Concelleira de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Fundación Plácido Castro pola xornada e exposición sobre a Irlanda de Plácido Castro que se celebrará o 25 de xuño , por un importe total de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334-22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/2521**

Dáse conta da campaña de lingua levada a cabo entre o alumnado do IES Castro Aobre, e o Servizo de Normalización Lingüística para o ano 2019.

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Lamarka-Publicidad (Débora Fontenla Oliveira) para a confección de 10.000 manteis (tamaño A3) en cor, para repartir entre os establecementos hostaleiros que así o desexen, con cargo á partida 334-22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE**

### **PRP2019/2522**

Dáse conta de Resolución do 22 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2019 respecto das axudas para o programa de iniciativas locais destinadas á xuventude, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2018, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 e se procede á súa convocatoria, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe de 5.500 €.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Xeneme Intervención Social SLL para a realización do Programa TECNOVERÁN 2019 (campamento urbano tecnolóxico máis a actividade de Hack the Vila), por un importe de 5.500 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

### **PRP2019/2523**

Dáse conta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Javier Torrado Vaello por danos sufridos no vehículo matrícula 5906BXGao ser golpeado por un contenedor de lixo de cor amarelo, cando circulaba pola Avda. de Cambados, á altura do nº 71.

A Xunta de Goberno Local vistos os informes obrantes no expediente acorda desestimar dita reclamación xa que o reclamante non avisou no momento do sinistro á Policía Local para a

comprobación in situ das causas e circunstancias do ocorrido, nin conta con ningunha testemuña polo que é difícil determinar a veracidade da súa reclamación.

## CULTURA

### PRP2019/2524

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura de aprobación da programación das exposicións dos próximos meses de 2019 na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal e na Sala Rivas Briones, seguintes:

SALA RIVAS BRIONES 2019:

- Do 21 de xuño ao 24 de xullo: PLÁCIDO CASTRO - Fundación Plácido Castro
- Do 9 de agosto ao 18 de setembro: 75 aniversario de FUNDICIONES REY
- Do 4 de outubro ao 24 de novembro: CURTAS
- Do 5 ao 28 de decembro: CARICARTE

SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO:

- Do 27 de xuño ao 27 de xullo. Exposición conmemorativa 40 anos da Asociación de Amas de Casa "O Noso Lar"
- Do 2 de agosto ao 20 de setembro: Exposición Colectiva "GALEOSKA"
- Do 9 ao 24 de novembro: OUTONO MICOLÓXICO - Asociación Cantarela
- Do 27 de novembro ao 14 de decembro: REXAS. MULLERES BAIXO O TERROR FRANQUISTA - Deputación Provincial de Pontevedra
- Do 18 de decembro de 2019 ao 8 de xaneiro de 2020: SAUDARTE - Fundación Galega contra o Narcotráfico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á programación proposta.

### PRP2019/2525

Vista a solicitude de D. Javier López Valeiro, en representación de Ainé Producións SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 4 e 5 de outubro de 2018, durante todo o día, para a representación do espectáculo "Unha Noite na Praia", protagonizada por Xosé Touriñan e Carlos Blanco, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 2 días 264,70 €/día: 529,40 €
- PERSOAL

ESPAZO	DÍAS/HORA S	IMPORTE TOTAL
--------	----------------	---------------

Salón de Actos do Auditorio Municipal	2 días	529,40 €
<b>PERSOAL:</b>		
- Responsable de sala	Día 4-10	142,80 €
	Día 5-10	117,30 €
- Operarios (2)	Día 4-10	285,60 €
	Día 5-10	234,60 €
- Conserxe	Día 4-10	40,80 €
	Día 5-10	56,10 €
- Persoal de Taquilla (2 persoas)	Día 4-10	130,04 €
	Día 5-10	117,30 €
<b>TOTAL</b>		<b>1.653,94 €</b>

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2019/2526**

Vista a solicitude de D. Dositeo Amoedo Fontán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme na Parroquia de Solobeira, o vindeiro día 2 de agosto de 2019:

- Actuación da Asociación Cultural Coral San Pedro de Cornazo por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2019/2527**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Agustín Romero, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Limpeza do Centro Cultural de Cornazo durante o ano 2019	1.800 €	ANA BELEN DÍAZ CASAL

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/2529**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Martiño de Gáláns, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Limpeza do Centro Cultural	1.766,60 €	SUSANA VENTOSO POMARES

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/2532**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Entidade Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril con cargo á partida 334.48201:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro e instalación do pavimento de PVCE na Sala 2 da planta baixa	1.800,00 €	ROBERTO OCAÑA NOVOA

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/2574**

Dáse conta do Convenio de Colabotación entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Bancaria "La Caixa" para a instalación da exposición "HEROES OCULTOS. INVENTOS GENIALES. OBJETOS COTIDIANOS", na unidade desplegable situada na Avda. da Mariña nº 15 (fronte á antiga Comandancia), desenvolvéndose a actividade do 29 de xuño ao 28 de xullo de 2019, estando aberto ao público do 2 ao 26 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

## **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2019/2533**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2019, de adxudicación do contrato de servizos para a redacción dun proxecto básico e de execución denominado "Proxecto Básico e de Execución de CarrilBici e Paseo Marítimo ata a Praia de Canelas con retranqueo de muro da EDAR para Vilagarcía de Arousa", a AM2 Arquitectos CB (D. Alexandre Mouriño Fernández), figurando no mesmo:

.... un importe de adxudicación de 11.606,00 € (IVE engadido)....

E debendo figurar:

.... un importe de adxudicación de 11.616,00 € (IVE engadido)....

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2019/2477**

Dáse conta do expediente de contratación CT 101/2018 tramitado mediante Procedemento Aberto e tramitación ordinaria para adxudicar o contrato denominado "Arrendamento con mantemento (RENTING) de tres vehículos para a Policía Local", cun orzamento de licitación de 149.040,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- Alphabet España Fleet Management SA
- Autos Iglesias SL
- Banco Santander SA

A mesa de contratación acordou inadmitir as seguintes ofertas polos motivos que se indican:

- Alphabet España Fleet Management , S.A. e, excluír á citada mercantil da licitación por canto a súa oferta non se axusta ao establecido no prego de prescricións técnicas particulares que rexe a licitación, pois os vehículos marca Citroen C4 Spacetourer Pure Tech teñen 1.200cc e 130 Cv de potencia, incumprindo por tanto, o disposto na cláusula 3 “condicións técnicas mínimas dos vehículos” do prego de prescricións técnicas particulares que rexe a licitación, que esixe unha cilindrada non inferior a 1.500 cc. Así mesmo, oferta un prazo de entrega dos vehículos de 130 días, cando a cláusula 14 do prego de prescricións técnicas citado, establece un prazo de 2 meses para a entrega dos vehículos para contar desde a formalización do contrato.

- Autos Iglesias,S.L., que indica que os vehículos Ford C-Max 1.5 Ecooboost 150CV xa non se fabrican e solicita cambialos por vehículos Toyota Prius+ 140 H automático (e- CVT) Eco, indicando tamén que o mantemento dos devanditos vehículos realizarase no servizo Toyota de Vilagarcía de Arousa ( Nipocar Galicia, S.L.), polo que acorda non admitir a solicitude dos licitador Autos Iglesias,S.L. por canto supón modificar a súa oferta, o cal non é admisible unha vez concluído o prazo de presentación das mesmas e consecuentemente acorda a exclusión do devandito licitador da licitación.

Unha vez aplicados os criterios de valoración que figuran no PCAP, ao único licitador admitido, o resultado é o seguinte:

Segundo a avaliación das propostas presentadas polos licitadores, conclúese a seguinte lista, clasificada de forma decrecente segundo as puntuacións obtidas:

Orde: 1 CIF: A39000013 BANCO SANTANDER S.A.

Total criterios CJV: 42.0

Total criterios CAF: 44.0

Total puntuación: 86.0

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado “ Arrendamento con mantemento ( Renting) de tres vehículos para a policía local ”, cun orzamento de licitación de 123.173,55€ (sen IVE) e de149.040,00€ (IVE incluído), á empresa con CIF: A39000013 BANCO SANTANDER S.A., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

A oferta presentada pola empresa BANCO SANTANDER S.A. é a seguinte:

Oferta tres vehículos marca e modelo Toyota Prius+ECO, por un prezo de 123.173,28 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE de 25.048,80 €, o que totaliza unha oferta de 148.222,08 € (IVE/IVE incluído), coa seguinte desagregación:

Total contrato (3 vehículos *48 meses)	Oferta sen IVE	IVE	OFERTA+IVE
Total Arrendamiento	87.968,16 €	18.473,76 €	106.441,92 €
Total mantenimiento	31.311,36 €	6.575,04 €	37.886,40 €
Precio total seguro	3.893,76 €	0,00	3.893,76 €
precio total	123.173,28 €	25.048,80 €	148.222,08 €

Sendo a desagregación mensual por vehículo a seguinte:

Desagregación mensual por vehículo			
Cota mensual arrendamento por vehículo	610,89 €	128,29 €	739,18 €
Cota mensual mantemento por vehículo	217,44 €	45,66 €	263,10 €
Cota mensual seguro por vehículo	27,04 €	0,00	27,04 €
Total cota mensual por vehículo	855,37 €	173,95 €	1.029,32 €

- Km./ano contratados por vehículo 30.000 km Total contratado por vehículo: 120.000 kms.

- Cargo por Km. realizado en exceso durante ou período contratado: 0,0245 €/km. + IVE/IVE
- Abono por Km. non realizado dentro do período contratado: 0,0277 €/km. + IVE
- Matriculación a nome de Banco de Santander.

A citada oferta inclúe as seguintes melloras:

Asentos con laterais recortados: Non

Entrega e recollida do vehículo de substitución dentro o termo municipal de Vilagarcía: Non

Criterios ambientais: Si, ofértanse 3 vehículos híbridos

## PRP2019/2540

